

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenv. Territ., Coop. e Medio Ambiente

Concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa DP0031

RESOLUCIÓN NÚM. 22455/2020, DO 21 DE XULLO, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0031, DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE NO 2020

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia 19528, do 23 de xuño de 2020, que foi publicada no BOP do 26 de xuño de 2020, concedéronse de forma provisional, as subvencións da convocatoria do Programa DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2020, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros.

Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos o informe do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1º. Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións e cambios de obxecto correspondentes ao Programa DP0031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2020, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe da subvención	Coef.	Pspto. subvencionado a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL ADIANTUM NIF: G70371455 Cod. Exp.:2020000010808 Obxecto: Aves de Compostela: Campaña de sensibilización ambiental sobre a importancia das aves urbanas na cidade de Compostela e a necesidade de conservar a biodiversidade local"	4.200,00€	0,8000	5.250,00€
Beneficiario: ASOCIACION AMBIENTAL SENDA NOVA NIF: G70175401 Cod. Exp.:2020000012824 Obxecto: OS NOSOS MAMÍFEROS: PROGRAMA PARA O COÑECEMENTO, SENSIBILIZACIÓN E DIFUSIÓN DOS PRINCIPAIS MAMÍFEROS AUTÓCTONOS	5.178,80€	0,7589	6.824,09€
Beneficiario: ASOCIACION DROSERA PARA O ESTUDIO E CONSERVACION DO MEDIO NATURAL NIF: G27316603 Cod. Exp.:2020000013060 Obxecto: "Achégate aos morcegos II" un proxecto de divulgación e sensibilización sobre sobre o estudo e a conservación dos morcegos	7.885,72€	0,8000	9.857,15€
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NIF: G27392703 Cod. Exp.:2020000013102 Obxecto: PROXECTO PARA A RESTAURACIÓN DAS MICRORRESERVAS DE BARAZÓN, SANTISO, PROVINCIA DA CORUÑA	10.000,00€	0,8000	12.500,00€
Beneficiario: ASOCIACION MEDIOAMBIENTAL AMABUL NIF: G15925209 Cod. Exp.:2020000012098 Obxecto: AULA AMBIENTAL ULLA +20	14.120,00€	0,8000	17.650,00€

Solicitudes	Importe da subvención	Coef.	Pspto. subvencionado a xustificar
Beneficiario: ASOCIACION NEBOA MEDIO AMBIENTE NIF: G15548878 Cod. Exp.:2020000010775 Obxecto: Aprendendo na natureza	3.857,28€	0,8000	4.821,60€
Beneficiario: ASOCIACION PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLANTICO BETULA NIF: G70370622 Cod. Exp.:2020000012077 Obxecto: Proxecto de Actividades BETULA ano 2020	4.521,60€	0,8000	5.652,00€
Beneficiario: ASOCIACION VENTO NOSO NIF: G70081609 Cod. Exp.:2020000011663 Obxecto: Fomento do uso sostible de auga.	15.000,00€	0,6871	21.830,88€
Beneficiario: ASOCIACION VERDEGAIA NIF: G70060363 Cod. Exp.:2020000011696 Obxecto: Intervencións das Brigadas deseucalptizadoras 2020	3.056,00€	0,8000	3.820,00€
Beneficiario: COORDINADORA PARA O ESTUDIO MAMIFEROS MARIÑOS NIF: G15400500 Cod. Exp.:2020000012528 Obxecto: O obxectivo principal deste proxecto é o de incorporar información sobre a presenza e distribución dos cetáceos da plataforma de Galicia mediante a monitorización a través da realización de embarques dende portos da provincia da Coruña.	4.841,92€	0,5391	8.981,49€
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE NIF: G70138565 Cod. Exp.:2020000011651 Obxecto: Fomento da diminución do emprego de plásticos de uso común.	15.000,00€	0,6954	21.570,32€
Beneficiario: FUNDACION FRAGAS DO MANDEO NIF: G70258645 Cod. Exp.:2020000012912 Obxecto: Programa de custodia do territorio 2020 (actividade)	2.865,80€	0,8000	3.582,25€
Beneficiario: FUNDACION MATRIX, INVESTIGACION Y DESARROLLO SOSTENIBLE NIF: G36984367 Cod. Exp.:2020000013128 Obxecto: Vulnerabilidade e cambio climático recente na provincia da Coruña: diagnose do clima actual e campaña de sensibilización social	11.172,00€	0,6901	16.188,96€
Beneficiario: HABITAT GRUPO NATURALISTA NIF: G15039126 Cod. Exp.:2020000013067 Obxecto: PROGRAMA DE ACCIÓNS AMBIENTAIS 2020	14.740,90€	0,8000	18.426,13€
Beneficiario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE ORNITOLOGIA NIF: G28795961 Cod. Exp.:2020000013136 Obxecto: CONSERVACIÓN DA PÍLLARA DAS DUNAS MEDIANTE A EDUCACIÓN E O COÑECEMENTO, NAS PRAIAS DA PENÍNSULA DO BARBANZA. A CORUÑA	12.665,17€	0,8000	15.831,46€
Beneficiario: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL NIF: G15037211 Cod. Exp.:2020000012918 Obxecto: Accións de divulgación ambiental: visitas guiadas na natureza, cursiños ambientais e gastos asociados á atención de visitantes no museo de historia natural da S.G.H.N.	9.236,00€	0,8000	11.545,00€

Total concedido 138.341,19 €

2º. Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

3º. Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan contratar máis do 50% da actividade subvencionada e/ou concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (o importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

4°. Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/17221/481, fase A, referencia nº 22020005081, operación nº 220200021623, importe: 138.341,19 €.

5°. Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa DPO031, de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de actividades no ámbito do medio ambiente durante o 2020, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes, polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: ASOC. REDES DE SAL NIF: G70549118 Cod. Exp.:2020000013176 Obxecto: FESTIVAL MAR DE MARES 2020 NA CIDADE DA CORUÑA	Desistimento da entidade solicitante
Beneficiario: ASOCIACION FUTURA XXI NIF: G70024583 Cod. Exp.:2020000013180 Obxecto: CAMPO DE TRABALLO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL E PROTECCION, LIMPEZA E DIFUSIÓN DA RIBEIRA DO RIO XUVIA - NARÓN	A entidade non presentou ningún documento dos requiridos e previstos no apartado 7.3 das bases reguladoras, polo que procede o seu rexeiramento automático de acordo co art. 11.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP 72, do 15.04.2019)
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIIS DO CAMIÑO NIF: G70459045 Cod. Exp.:2020000013082 Obxecto: ACTIVIDADES DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO RESPETO AOS ANIMAIIS NO CAMIÑO DE SANTIAGO	Desistimento da entidade solicitante
Beneficiario: ASOCIACION ODYSSEUS NIF: G70457726 Cod. Exp.:2020000012676 Obxecto: LIMPEZA DOS MONTES E RUTAS ODYSSEUS 2020: DESENVOLVEMENTO DE RUTAS ORNITOLÓXICAS, MICOLÓXICAS E DE NATUREZA	Non se acredita que esté ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria

6°. Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 21 de xullo de 2020

O PRESIDENTE,

D. Valentín González Formoso

SECRETARIO XERAL,

D. José Luis Almu Supervía

2020/4961